

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I0UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

Número 17 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da creación dunha nova zona ORA na parcela sita entre os pk. 377/839 ao 378/133 da liña de ferrocarril Zamora-A Coruña, na zona de Pontepedriña e Cornes.

Destinatario

15078DCMG13I0UM6
² 15078DCMG13I0UM6 .»
² 15078DCMG13I0UM6 .»

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 17 de abril de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 17 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN DUNHA NOVA ZONA ORA NA PARCELA SITA ENTRE OS PK. 377/839 AO 378/133 DA LIÑA DE FERROCARRIL ZAMORA-A CORUÑA, NA ZONA DE PONTEPEDRIÑA E CORNES.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 15 de abril de 2019, do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais; así como do informe xurídico da xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade, de data 11.4.19, e cuxo teor literal é o seguinte:

"A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 08 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo a proposta do Concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación de adenda á concesión demanial para ocupar os terreos baixo o viaduto da vía do tren en Pontepedriña da liña de Ferrocarril Zamora-A Coruña Pk 337/839.-

"Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 8 de abril de 2019, da xefa da sección de Patrimonio, así como da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade da mesma data. O devandito informe é do seguinte teor literal:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

“Según consta en el expediente DAR 1/2014 :

Con fecha 20/02/2015 se firmó entre ADIF y el Ayuntamiento de Santiago, una concesión demanial por 15 años a favor de éste último para ocupación de terrenos (unos 8738 m2) situados bajo el viaducto de la vía del tren en Pontepedriña de la línea de ferrocarril Zamora-A Coruña (pk 377/839). Esta zona que en Catastro aparecen reflejada en blanco (*que es como en cartografía catastral se representan los espacios libres y los viarios*) conforma junto con una parcela expropiada por el Concello a ADIF (que tiene referencia catastral 15079A164000540000QY) y otras dos parcelas municipales, una con referencia catastral 6964405NH3466D0001XG, que es una parcela discontinua y otra, que es una parte de la parcela catastral 6765760NH3466F0001BP, el aparcamiento de borde de Pontepedriña.

Dado que la Junta de Gobierno de este ayuntamiento en sesión celebrada el 5/10/2018 acordó encomendar a la empresa municipal TUSSA un estudio para la gestión directa de varias áreas de estacionamiento entre las que se encontraba este aparcamiento, y que el ayuntamiento de Santiago inicio el procedimiento para modificar la ordenanza municipal reguladora del servicio de aparcamiento y hora para preveer una tarifa especial de 1 euro para aparcamientos de borde situados en la entrada de la ciudad.

Desde la concellería de Espazos Cidadáns se realizaron contactos con ADIF para operar en el documento concesional modificaciones que permitiesen ese nuevo uso de estacionamiento y su cobro . Como resultado de esas gestiones ADIF remite un borrador donde se prevé que la modificación de la concesión demanial adopte la forma de addenda. A través de la misma se introducirán en el documento concesional las modificaciones de aquellas cláusulas que sea necesario dar una nueva redacción para permitir este nuevo uso con pago de esa tarifa de un euro (la concesión inicial preveía la gratuidad del aparcamiento). También vemos que en esas modificaciones se adapta la concesión a los cambios experimentados en la normativa aplicable desde la firma de la concesión (20-02-2015). No obstante observamos que debe corregirse la redacción de la nueva redacción de la cláusula 1, en lo que se refiere al destino para evitar equívocos, debiendo constar **“estacionamiento de uso público de vehículos”** en vez de **“estacionamiento de vehículos de uso público”**.

Observamos que un cambio sustancial viene motivado porque el Ayuntamiento va a cobrar por el estacionamiento, no obstante esto no

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1310UM		17-04-19 14:16

supone cambios en cuanto a la gratuidad de la concesión ya que Al amparo de lo dispuesto en el art. 93.4 de la Ley 33/2003 de Patrimonio de las Administraciones Públicas, se considera la ocupación del dominio público no sujeta a tasa si no existe utilidad económica o aun existiendo ésta si este aprovechamiento entrañe contraprestaciones o condiciones para el beneficiario que anulen o hagan irrelevante aquella.

A continuación reproducimos las cláusulas que sufren modificaciones en su redacción inicial (la 2, 5 y 6), con su redacción original en la COLUMNA DE LA IZQUIERDA y la nueva redacción que adoptará a consecuencia de la addenda en la COLUMNA DE LA DERECHA.

<p>2. <u>OBJETO DE LA CONCESIÓN:</u> La entidad pública empresarial ADIF otorga a favor del citado Ayuntamiento de Santiago de Compostela una concesión administrativa sobre el inmueble descrito y ello con el objeto de destinarlo a un aparcamiento disuasorio gratuito y de uso público.</p> <p>La descripción y demás características del referido inmueble figuran en el plano que como Anexo I se incorpora a este documento.</p> <p>5. <u>CONDICIONES ECONÓMICAS:</u> Al amparo de lo dispuesto en el art. 93.4 de la Ley 33/2003 de Patrimonio de las Administraciones Públicas, se considera la ocupación del dominio público ferroviario no sujeta al canon previsto en la Orden FOM/898/2005 de 8 de abril, al tratarse de un uso autorizado por razón de interés general y que no lleva aparejada utilidad</p>	<p>2. <u>OBJETO DE LA CONCESIÓN:</u> La entidad pública empresarial ADIF otorga a favor del citado Ayuntamiento de Santiago de Compostela una concesión administrativa sobre el inmueble descrito y ello con el objeto de destinarlo a un estacionamiento de uso público de vehículos que podrá ser gestionado a través del sistema de rotación (ORA) implantado por la administración municipal.</p> <p>La descripción y demás características del referido inmueble figuran en el plano que como Anexo I se incorpora a este documento.</p> <p>5. <u>CONDICIONES ECONÓMICAS:</u> Al amparo de lo dispuesto en el art. 93.4 de la Ley 33/2003 de Patrimonio de las Administraciones Públicas, se considera la ocupación del dominio público ferroviario no sujeta al canon previsto en la Orden FOM/898/2005 de 8 de abril, al tratarse de un uso autorizado por razón de interés general y que no lleva</p>
---	--

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

<p>económica para el beneficiario de la concesión.</p> <p>6. <u>CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN:</u> Durante el período de vigencia de la concesión, este inmueble será utilizado exclusivamente como aparcamiento de vehículos. Será causa de resolución</p>	<p>aparejada utilidad económica relevante para el beneficiario de la concesión.</p> <p>Al efecto de acreditar el mantenimiento de las circunstancias que justifican la no sujeción al canon anteriormente citado, el concesionario se obliga a remitir a ADIF en el segundo trimestre de cada año información sobre el resultado de la explotación correspondiente al estacionamiento implantado. Esta obligación será exigible a partir del ejercicio del año 2020.</p> <p>En el supuesto de que, como consecuencia de eventuales modificaciones en la Ordenanza Municipal a la que se refiere el expositivo IV anterior o por otras circunstancias, el resultado económico de la explotación del aparcamiento lleve aparejada una utilidad económica relevante para el Concesionario, la presente concesión quedará sometida a partir del ejercicio económico siguiente y hasta el término del plazo establecido de duración, al devengo del canon por la utilización del dominio público ferroviario previsto en la normativa que resulte de aplicación</p> <p>6. <u>CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN:</u> Durante el período de vigencia de la concesión, este inmueble será utilizado exclusivamente como estacionamiento de vehículos. Será</p>
--	--

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1310UM		17-04-19 14:16

<p>automática de la concesión el destino de los mismos a usos distintos del previsto en este documento.</p> <p>Durante todo el período de vigencia de la concesión será responsabilidad del Concesionario el mantenimiento y conservación del inmueble objeto de esta concesión y de cualesquiera obras, instalaciones o equipamientos que se realicen sobre el mismo, así como el coste de dichas tareas, todo ello con íntegra indemnidad para ADIF.</p> <p>Igualmente, desde la firma del presente documento el Concesionario será único responsable de cuantos daños, tanto físicos como materiales, puedan ocasionarse al ADIF o a terceros y sean consecuencia, directa o indirecta del objeto de la presente concesión, eximiendo de toda responsabilidad al ADIF. En particular, el Concesionario asume en exclusiva y exime de toda responsabilidad al ADIF, por los posibles daños ocasionados a personas o bienes y derivados de la caída sobre el inmueble de cualesquiera objetos provenientes de la circulación de trenes por el viaducto existente en su proyección vertical, incluidos los objetos y</p>	<p>causa de resolución automática de la concesión el destino del mismo a usos distintos del previsto en este documento.</p> <p>Durante todo el período de vigencia de la concesión será responsabilidad del Concesionario el mantenimiento y conservación del inmueble objeto de esta concesión y de cualesquiera obras, instalaciones o equipamientos que se realicen sobre el mismo, así como el coste de dichas tareas, todo ello con íntegra indemnidad para ADIF.</p> <p>Igualmente, desde la firma del presente documento el Concesionario será único responsable de cuantos daños, tanto físicos como materiales, puedan ocasionarse al ADIF o a terceros y sean consecuencia, directa o indirecta del objeto de la presente concesión, eximiendo de toda responsabilidad al ADIF. En particular, el Concesionario asume en exclusiva y exime de toda responsabilidad al ADIF, por los posibles daños ocasionados a personas o bienes y derivados de la caída sobre el inmueble de cualesquiera objetos provenientes de la circulación de trenes por el viaducto existente en su proyección vertical, incluidos los objetos y materiales correspondientes a la propia infraestructura ferroviaria tales como piedras, balasto, etc.</p> <p>El Concesionario asume, por su cuenta y cargo, la totalidad de</p>
--	--

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1310UM		17-04-19 14:16

<p>materiales correspondientes a la propia infraestructura ferroviaria tales como piedras, balasto, etc.</p> <p>El Concesionario asume, por su cuenta y cargo, la totalidad de los tributos de cualquier clase que en la actualidad gravan, o puedan gravar en el futuro, el inmueble cedido, o que recaigan o puedan recaer sobre él, aunque se hubieran liquidado a ADIF.</p> <p>Para la ejecución de las obras que permitan el nuevo uso a que se refiere la presente concesión, el Concesionario deberá comunicar con suficiente antelación a ADIF y obtener la preceptiva autorización conforme a la legislación sectorial, de conformidad con lo establecido en el artículo 15 de la Ley 39/2003, de 17 de noviembre del Sector Ferroviario. En todo caso, el Concesionario deberá garantizar en todo momento la adecuada protección de los pilares existentes y anclados sobre el inmueble y deberá priorizar la salvaguarda de la integridad estructural de los mismos permitiendo el normal acceso al personal de vigilancia de la línea férrea.</p>	<p>los tributos de cualquier clase que en la actualidad gravan, o puedan gravar en el futuro, el inmueble cedido, o que recaigan o puedan recaer sobre él, aunque se hubieran liquidado a ADIF.</p> <p>Para la ejecución de las obras que permitan el nuevo uso a que se refiere la presente concesión, el Concesionario deberá comunicar con suficiente antelación a ADIF y obtener la preceptiva autorización conforme a la legislación sectorial, de conformidad con lo establecido en el artículo 16 de la Ley 38/2015, de 29 de setiembre del Sector Ferroviario. En todo caso, el Concesionario deberá garantizar en todo momento la adecuada protección de los pilares existentes y anclados sobre el inmueble y deberá priorizar la salvaguarda de la integridad estructural de los mismos permitiendo el normal acceso al personal de vigilancia de la línea férrea.</p>
<p>7. RÉGIMEN JURÍDICO APLICABLE: Además de las</p>	<p>7. RÉGIMEN JURÍDICO APLICABLE: Además de las condiciones de la</p>

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1310UM		17-04-19 14:16

condicións de la autorización será de aplicación a la concesión administrativa la Ley 39/2003 del Sector Ferroviario, su Reglamento de desarrollo aprobado por Real Decreto 2387/2004, la Ley 33/2003 del Patrimonio de las Administraciones Públicas (artículos 91 y siguientes) y demás disposicións vigentes concordantes o que se promulguen con posterioridad.	autorización será de aplicación a la concesión administrativa la Ley 38/2015, de 29 de setiembre del Sector Ferroviario , el Reglamento aprobado por Real Decreto 2387/2004 en cuanto se encuentre vigente, la Ley 33/2003 de 3 de noviembre del Patrimonio de las Administraciones Públicas (artículos 91 y siguientes) y demás disposicións concordantes vigentes o que se promulguen con posterioridad.
---	---

Para la aprobación de esta adenda resulta necesario que se adopte por los órganos competentes, tanto del Ayuntamiento de Santiago como de ADIF, el correspondiente acuerdo de aprobación. En el caso del Concello, ese órgano es la XUNTA DE GOBERNO LOCAL según lo dispuesto en la DISPOSICION ADICIONAL SEGUNDA apartado 11 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

Adoptado el acuerdo por el Ayuntamiento y acordado también por el órgano competente de ADIF, se procederá a tramitar por ADIF la firma del documento.

Del acuerdo adoptado y de la firma de la ADENDA se dará traslado a OBRAS Y PROXECTOS, TRÁFICO, a TUSSA y a CONTRATACIÓN para que se de cumplimiento a las obligaciones asumidas por el Concello y que estén relacionadas con las competencias desarrolladas por dichos departamentos (autorizaciones por obras, seguros, remisión de informe sobre resultado de explotación...) relacionadas con estos departamentos municipales.

A Xunta de Goberno de referencia acordou, por unanimidade, aprobar a proposta do Concelleiro de Espazos Cidadáns a adenda ó documento concesional, asinado o 20/02/2015 entre ADIF e o Concello de Santiago para a ocupación de terreos (uns 8738 m2) situados baixo o viaduto da vía do tren na Pontepedriña da liña de ferrocarril Zamora-A Coruña (pk 377/839), cuxo tenor literal é o seguinte:

ADDENDA Nº 1 AO DOCUMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A OCUPACIÓN DUN INMOBLE SITO ENTRE OS pq 377/839 ao 378/133 da liña de

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

ferrocarril Zamora-A Coruña. ZONAS DE PONTEPEDRIÑA E CORNES, TM SANTIAGO DE COMPOSTELA SUBSCRITO ENTRE ADIF E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA .

REUNIDOS

Dunha parte, a entidade pública empresarial Administrador das Infraestruturas Ferroviarias (en adiante ADIF), C.I.F.- Q-2801660-H con domicilio oficial na rúa Sor Ángela de la Cruz nº 3, 28020- Madrid, e representada por D^a Celina Matías Bértolo.

E doutra, o Excmo. Concello de SANTIAGO DE COMPOSTELA, (en adiante o concesionario) con C.I.P. P-1507900-G, con domicilio no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro, de Santiago de Compostela, e representado por D. Martiño Noriega Sánchez.

INTERVEÑEN:

D^a Celina Matías Bértolo, con D.N.I. 10.811.497 W en calidade de Delegada de Patrimonio e Urbanismo Noroeste do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, de conformidade cos poderes outorgados ante o Notario de Madrid D. José Manuel Senante Romero, o día 21 de Maio de 2012, baixo o nº 1.176 do seu protocolo.

D. Martiño Noriega Sánchez, con D.N.I. 44.805.518 T en calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela.

Ambas partes, nas respectivas calidades con que actúan, recoñécense mutua e reciprocamente plena capacidade legal para canto pasan a manifestar e convir e,

EXPOÑEN:

I.- ADIF ten incluído no seu Inventario xurídico de bens inmobles un terreo de 8738 m2 de superficie, afecto ao dominio público ferroviario, situado nas zonas de Pontepedriña-Cornes do termo municipal de Santiago de Compostela, entre os puntos quilométricos 377/839 ao 378/133 da liña de ferrocarril Zamora-A Coruña.

II. Con data 20 de febreiro de 2015 ADIF outorgou a favor do Concello de Santiago unha concesión administrativa para a ocupación do referido inmovible, co obxecto de destinalo a un "aparcamento disuasorio gratuito e de uso público", segundo consta na estipulación 2 do documento concesional.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

III. A Xunta de Goberno do Concello de Santiago, en sesión celebrada o día 5 de outubro de 2018, acordou encomendar á empresa municipal TUSSA “o estudio para a xestión directa das novas áreas de estacionamento que se están a construír na cidade”, entre as que se cita expresamente a de Pontepedriña.

IV. O Concello de Santiago aprobou inicialmente unha modificación da Ordenanza municipal de regulación do servizo de aparcamento e ORA, na que se prevé unha tarifa especial de 1 euro para os aparcamentos de borde situados nas entradas da cidade. Na memoria técnico-económica elaborada por TUSSA relativa á área de estacionamento de Pontepedriña resulta acreditado que a percepción da referida taxa non suporía unha utilidade económica relevante para a administración municipal, en relación cos costes que supón o mantemento e a adecuada prestación do servizo.

Exposto canto antecede, e a través da presenta ADDENDA, as partes consideran conveniente modificar o acordo concesional suscrito o 20.02.2015, o cal levan a cabo outorgando nova redacción ás seguintes:

2 . OBXETO DA CONCESIÓN: A entidade pública empresarial ADIF outorga a favor do citado Concello de Santiago de Compostela unha concesión administrativa sobre o inmovible descrito e iso co obxecto de destinalo a un **estacionamento de uso público de vehículos que poderá ser xestionado a través do sistema de rotación (ORA) implantado pola administración municipal.**

A descrición e demais características do referido inmovible figuran no plano que como Anexo I se incorpora a este documento.

5. CONDICIÓN ECONÓMICAS: Ao amparo do disposto no art. 93.4 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, considérase a ocupación do dominio público ferroviario non suxeita ao canon previsto na Orde FOM/898/2005 de 8 de abril, ao tratarse dun uso autorizado por razón de interese xeral e que non leva aparellada utilidade económica **relevante** para o beneficiario da concesión.

Ao efecto de acreditar o mantemento das circunstancias que xustifican a non suxeición ao canon anteriormente citado, o concesionario obrígase a remitir a ADIF no segundo trimestre de cada ano información sobre o resultado da explotación

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

correspondente ao estacionamento implantado. Esta obrigaón será esixible a partir do exercicio do ano 2020.

No suposto de que, como consecuencia de eventuais modificacións na Ordenanza Municipal á que se refire o expositivo IV anterior ou por outras circunstancias, o resultado económico da explotación do aparcamento leve aparellada unha utilidade económica relevante para o Concesionario, a presente concesión quedará sometida a partir do exercicio económico seguinte e ata o termo do prazo establecido de duración, ao devengo do canon pola utilización do dominio público ferroviario previsto na normativa que resulte de aplicación.

6. CONDICIÓN DE UTILIZACIÓN: Durante o período de vixencia da concesión, este inmovible será utilizado exclusivamente como estacionamento de vehículos. Será causa de resolución automática da concesión o destino do mesmo a usos distintos do previsto neste documento.

Durante todo o período de vixencia da concesión será responsabilidade do concesionario o mantemento e conservación do inmovible obxecto desta concesión e de calquera obra, instalación ou equipamento que se realice sobre o mesmo, así como o custo de ditas tarefas, todo iso con íntegra indemnidade para ADIF.

Igualmente, dende a sinatura do presente documento o concesionario será único responsable de cantos danos, tanto físicos como materiais, poidan ocasionarse ao ADIF ou a terceiros e sexan consecuencia, directa ou indirecta do obxecto da presente concesión, eximindo de toda responsabilidade ao ADIF. En particular, o concesionario asume en exclusiva e exime de toda responsabilidade ao ADIF, polos posibles danos ocasionados a persoas ou bens e derivados da caída sobre o inmovible de calquera obxecto proveniente da circulación de trens polo viaduto existente na súa proxección vertical, incluídos os obxectos e materiais correspondentes á propia infraestrutura ferroviaria tales como pedras, balasto, etc.

O concesionario asume, pola súa conta e cargo, a totalidade dos tributos de calquera clase que na actualidade gravan, ou poden gravar no futuro, o inmovible cedido, ou que recaian ou poidan recaer sobre o mesmo, aínda que se liquidaran a ADIF.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

Para a execución das obras que permitan o novo uso a que se refire a presente concesión, o concesionario deberá comunicar con suficiente antelación a ADIF e obter a preceptiva autorización conforme á lexislación sectorial, de conformidade co establecido no artigo 16 da **Lei 38/2015, de 29 de setembro do Sector Ferroviario**. En todo caso, o concesionario deberá garantir en todo momento a adecuada protección dos pilares existentes e ancorados sobre o inmovible e deberá priorizar a salvagarda da integridade estrutural dos mesmos permitindo o normal acceso ao persoal de vixilancia da liña férrea.

7. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE: Ademais das condicións da autorización será de aplicación á concesión administrativa a **Lei 38/2015, de 29 de setembro do Sector Ferroviario**, o Regulamento aprobado por Real Decreto 2387/2004 en canto se atope vixente, a Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (artigos 91 e seguintes) e demais disposicións concordantes vixentes ou que se promulguen con posterioridade.

E en proba de conformidade con canto antecede, ambas partes subscriben, por duplicado exemplar, o presente documento no lugar e data designados no encabezamento.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 5 de outubro de 2018, acordou encomendar a TUSSA o estudo para a xestión directa dos novos aparcamentos que estanse a construír na cidade de Santiago, en concreto o estudo para a xestión directa de diversas áreas de estacionamento, entre eles, o da Pontepedriña.

No estudo que se anexa á addenda do convenio con ADIF, a entidade TUSSA elaborou un informe sobre o modelo de xestión do aparcamento de Pontepedriña, sendo os obxectivos fundamentais de cara ó novo modelo de xestión e precisamente garantir a rotación, considerando que a solución axeitada é a de estacionamento regulado ORA.

TUSSA actualmente, é a entidade que está a xestionar de forma directa o servizo da ORA. Tras os análises das diversas necesidades xurdidas na cidade, entendeuse necesario levar a cabo a modificación da Ordenanza que regula o sistema ORA para engadir un novo modelo que terá unha tarifa especial de 1€, pero esta modificación se atopa aínda en tramitación, polo que ata tanto non sexa aprobada e se modifique tamén a Ordenanza fiscal correspondente para adapta-la a esta nova modalidade de pago, aplicarase neste aparcamento a tarifa

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

prevista para a zona ORA de longa duración 1,05 €, semellante á proposta na modificación en trámite.

O motivo desta tarifa tan económica é que o pago non supoña un criterio de exclusión social e poida ter acceso a esta infraestrutura a totalidade da poboación e a da nosa área metropolitana.

A continuación se detallan no estudio de TUSSA os aspectos técnicos da instalación, por resultar prolixo incluílos neste informe, remítome ó sinalado no estudio técnico.

Se fai tamén unha estimación das inversión a efectuar, pero tendo en conta que o aparcamento foi construído pola Xunta de Galicia a través dun convenio co Concello, non necesita levar a cabo ningún tipo de inversión para a súa inclusión dentro do servizo da ORA, excepto ó relativo a súa sinalización. Ademais doutros elementos que terán que implantarse para poder levar o control do aparcamento, terminais e impresoras, estas derradeiras xa amortizadas e o terminal móbil pendente de amortizar, que será renovado cada tres anos e a impresora térmica cada 5. O informe inclúe un cadro dos gastos previstos ata o ano 13, en virtude da amortización e renovación dos elementos sinalados.

Faise tamén no estudio de TUSSA unha estimación de ingresos e de custos derivados da xestión do aparcamento en tres posibles escenarios, destes soamente no escenario máis optimista, cunha ocupación do 100%, non se xerarían perdas pola xestión, acadando unha media de 2.860,35 €/ano durante os primeiros 15 anos de xestión.

Calquera dos outros escenarios, suporían unha perda anual para o concello de 466,16 €/ano (ocupación do 95%) e de 3.792,66 €/anuais no terceiro escenario.

O punto de equilibrio estaría na ocupación do 95,71% que suporía un beneficio medio de 6,12 €/anuais, aínda que o servizo xeraría perdas dende o ano 5 ó ano 15.

Conclúe o estudio de TUSSA que os modelos de xestión propostos, indican un resultado de equilibrio e que polo tanto a única función e obxectivo da instalación debe ser o de asegurar o funcionamento do estacionamento acorde coas necesidades da zona, que segundo entende a entidade, deben ser dúas:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

- a) A atención ás persoas que se despracen en ferrocarril, aumentando polo tanto, as súas posibilidades de estacionamento
- b) Ós veciños/as usuarios/(as, da zona sur do ensanche da cidade.

A entidade, propón a creación dunha comisión de seguimento que permita o control do funcionamento da instalación e á que se deberá render contas anualmente pola toma de decisión que se estimen oportunas por parte das administracións implicadas.

De conformidade co establecido na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes, a Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Mobilidade, poderá:

- a) Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen ou ben para tódalas zonas delimitadas do aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas; ase como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado e os estacionamentos ou outras circunstancias de interese público.
- b) Suprimir ou crear prazas de estacionamento do sistema ORA para a mellor acomodación do viario ós usos e tránsitos rodados e peonís execución de obras en dominio público, traslado de colectores de residuos, etc.

En consecuencia, á vista do exposto, proponse, ACORDAR a creación dunha nova zona ORA na parcela situada entre os pq 377/839 ao 378/133 da liña de ferrocarril Zamora-A Coruña, na zona de Pontepedriña e Cornes da que resultan un total 193 de prazas de aparcamento no réxime de longa duración, durante o prazo de 15 anos, que poderá prorrogarse ó mesmo tempo que a prórroga da concesión.

A xestión desta área, do mesmo xeito que o resto do sistema ORA e aparcamento de residentes, se levará a cabo pola entidade TUSSA.

O acordo adoptado ó estar dirixido a unha pluralidade indeterminada de persoas, procederase a publicar na web do Concello e no taboleiro de edictos, en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 30/2015, de 1 de outubro."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1310UM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 17-04-19 14:16

- APROBAR a creación dunha nova zona ORA na parcela situada entre os pk 377/839 ao 378/133 da liña de ferrocarril Zamora-A Coruña, na zona de Pontepedriña e Cornes, da que resultan un total de 193 prazas de aparcamento no réxime de longa duración, durante o prazo de 15 anos, que poderá prorrogarse ao mesmo tempo que a prórroga da concesión.

- A xestión desta área, do mesmo xeito que o resto do sistema da ORA e aparcamento de residentes, levarase a cabo pola entidade TUSSA.

Este acordo, ao estar dirixido a unha pluralidade indeterminada de persoas, publicarase na web do Concello e no taboleiro de edictos, en virtude do disposto no artigo 45 da lei 30/2015, de 1 de outubro.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández